

PEZA DO MES

xuño

2016



VASO. REZA VELLA



PROCESO DE CONSOLIDACIÓN *IN SITU* E
EXTRACCIÓN DE CERÁMICA COMÚN ROMANA

Vaso

Cerámica
7,36 x 10 x 0,3 cm
Século III - IV d.C.
Reza Vella

A elección da presente peza ten por obxecto dar a coñecer, con carácter eminentemente divulgativo, as escavacións realizadas no xacemento arqueolóxico de santa Catarina de Reza Vella ou da *veiga de Reça*, topónimo coa que aparece citada na documentación alto medieval a contorna da capela homónima. O lugar, situado ao sur e protexido do norte é propicio para hortas e cultivos, e vía natural de comunicación na marxe dereita do Miño, e, como virían a demostrar estes traballos, un dos berces da cidade de Ourense.

O xacemento, coñecido de antigo, figura no Catálogo do patrimonio arqueolóxico do P.X.O.M. de Ourense e no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. Veríase parcialmente afectado no 2010 polo proxecto de construción da plataforma do corredor norte-noroeste de alta velocidade do eixe Ourense a Santiago, no tramo de acceso á estación de Ourense, polo que, como prescribe a lei, foi de obrigado cumprimento a realización de controis arqueolóxicos. Foi precisamente o carácter excepcional dos restos exhumados no transcurso da prospección, o que obrigou a realizar unha escavación en área na zona de entrevías, que servirían para paliar, no posible, os danos irreparables, e para documentar e preservar a memoria dun espazo tan interesante como complexo.

A escavación estivo dirixida polo arqueólogo Mario César Vila coa colaboración dun equipo multidisciplinar formado por arqueólogos, restauradores, conservadores, debuxantes..., o que

permitiu a conservación de estruturas *in situ* ou a desmontaxe, por medios mecánicos ou manuais, daquelas outras que tivesen relevancia; a recollida sistemática de mostras arqueobotánicas, que proporcionaron interesantes datos do aproveitamento do bosque, e sobre as diferentes madeiras utilizadas para as piras funerarias de necrópole achada; e por último, a exhumación dos materiais da maneira máis correcta para a súa posterior documentación, conservación e exposición no museo. Todo isto permitiu ademais a elaboración dunhas memorias moi completas: nelas analízanse e estudan as diferentes estruturas atopadas e os materiais asociados a elas, destacando como claves unha serie de “fitos” de época romana que se integran nunha secuencia cronolóxica moito máis ampla. Así, documentáronse cuncas carenadas tipo Alpiarça como as que se encontran na primeiras fases de Castromao; olas da primeira Idade do Ferro de bordos exvasados, como as de San Julião, Torroso ou San Trocado ou olas de bordos facetados como as de Saceda, materiais que enlazarían directamente coas propias orixes da cidade. Xunto a eles, outras pezas de gran interese, desa incerta época das invasións xermánicas que se esvaece como area entre os dedos das mans, como son unha fíbula de arco de forma semicircular ou unha agulla de base escutiforme dunha fibela de cinto de época visigoda, ambas de bronce. A difusión deste tipo de fibelas na Península inclúe a maioría das necrópoles xermánicas da Meseta como Carpio, Madrona, Deza ou as de Herrera de Pisuerga, pero

tamén se rexistran, como elementos intrusivos, en enxovais de tumbas claramente hispanorromanas.

Pero con todo, é a cerámica común romana, xunto coas diferentes series anfóricas, a produción máis representativa e numerosa. Destaca a variada procedencia das ánforas, xa que se documentan pezas procedentes de ámbito hispano, da Lusitania, da Tarraconense e do sur da península, pero tamén da zona do estreito de Xibraltar, o norte de África, da Galia e do Mediterráneo Oriental. Son, porén, escasas ou moi fragmentadas as mostras de *sigillata* hispánica, de cerámica bracarense ou os fragmentos de cerámica de paredes finas. Completan este enxoval as xerras de bico trilobulado, e pratos e fontes de engobe vermello, reservados a diversas funcións de cociña ou servizo de mesa, datados entre os séculos III e IV, e non moi diferentes aos materiais aparecidos no contorno da cidade. Desta mesma época ou máis tardías, son as olas e os vasos asociados ás prácticas de incineración ou inhumación presentes na necrópole. A maioría apareceron en posición primaria e foron extraídos en bloque, conservando incluso, algúns deles, restos óseos no seu interior e sinais de incineración ao exterior. A necrópole estaba constituída por diferentes sepulturas sen estruturas, de tamaño e orientación diversas, en forma de fosa escavada sobre un depósito de orixe antrópica, cunha potencia de preto de 40-50 cm, e seladas por un depósito xeral composto de terra orgánica.

Testemuña destas ofrendas e do sentido da transcendencia é a peza que hoxe damos a coñecer. Trátase dun vaso de perfil troncocónico invertido con marcada carena, da que partirían dúas asas –consérvanse só o arrinque dunha e un terzo aproximadamente da outra–, e non conserva o bordo. O ombro é invadido, arqueado e moi amplo, e o pé é estreito e alto. A súa pasta é de cor ocre, de composición micácea, textura fina e relativamente dura. Foi localizado *in situ* en posición primaria e extraído en bloque, xunto cun posible pavimento e restos de carbonización dun depósito de recheo asociado a prácticas de incineración. Apareceu xunto con abundantes carbóns e fragmentos de óso e relacionado co nivel sobre o que se escavaron as fosas, e coas estruturas de combustión, que conforman a necrópole.

O equipo arqueolóxico redactor do catálogo de materiais enmarca a peza dentro do Baixo Imperio Romano, na tipoloxía V2A de Alcorta, e como unha produción de entre mediados do século II e fins do IV ou inicios do V d.C. Segundo o citado autor, son pezas de calidade variable, pequenas –entre 7 e 8 cm de diámetro no bordo–, e segundo sexa a súa tipoloxía, poden presentar un coidado tratamento decorativo mediante a aplicación dun engobe vermello semibrillante, pigmentacións parciais ou bandas pintadas sobre a cara máis visible das pezas.

O mesmo investigador opina que teñen semellanza formal con algúns vasiños de cerámica cincenta, e que son produto dos fornos oleiros que funcionan en *Lucus Augusti*, tanto dentro da muralla como extramuros, dende época flavia ata ben entrada a tardorromanidade, e que exportan pezas a toda Galicia. Este modelo podería relacionarse tamén coas xerriñas carenadas de pé elevado de Santomé, datadas no século IV d. C. Con todo, estas pezas non son moi diferentes a outros vasos ou xerriñas de enxovais portugueses, de León, Asturias ou Valladolid, datados entre os século II e III d. C.

Ademais destes materiais, documentáronse dous niveis de calzada, de adscrición cultural altoimperial. O primeiro deles, segundo todos os indicios, sería unha vía que uniría a cidade de Ourense con Tui, como unha variante da vía XVIII do itinerario de Antonino que serviría fundamentalmente para o transporte de minerais das explotacións mineiras adxacentes, como a de Barbantes. A calzada, con orientación E-W, dispoñeríase sobre un preparado de arxila e grava botado sobre o substrato.

Aparece delimitada por dous muros de cachotería de granito baixo dos que se localizaron dúas canles, que funcionaban como drenaxe para facilitar a circulación das augas pluviais, o que impediría que se anegara o firme. O segundo nivel de calzada, construída nunha fase posterior, ten unha orientación N NE. Definíronse nela, en planta, dous grandes muros coas esquinas redondeadas, de granito, trabado en seco, con algo de cal sen chegar a formar morteiro, de 60 cm de anchura e altura variable, chegando nalgúns puntos aos 180 cm; a súa construción relaciónase con elementos de contención da vía, que neste punto conformaría un cruzamento de camiños coa primeira calzada. Sobre elas documentouse un depósito que ocupa todo o xacemento e que se interpretou como o nivel de abandono da calzada.

Por riba deste depósito, constrúense as diferentes edificacións que forman o seguinte nivel, unha vez amortizada a calzada. Entre as construcións que compoñen este nivel de ocupación, destacan os restos dun edificio de planta aproximadamente rectangular, con orientación E-W, con bos muros de cachotería de granito, que se interpretou como unha casa de campo con funcións artesanais e agrícolas, semellante a outras, máis ou menos ricas, que circundaban a cidade como as de Papón, Santomé ou A Farixa. Ademais destas construcións, as escavacións permitiron identificar un posible forno de cerámica romana, un espazo relacionado coa fundición de metais e os restos da necrópole, xa citada. Parece que o lugar foi sempre unha terra propicia para a morte e para a vida e, non é de estrañar, as primeiras cereixas que chegaban na primavera a Ourense sempre eran de Reza.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ana María Veiga Romero

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



galicia



XUNTA
DE GALICIA